CA 1.9 Identificáronse os impostos sobre determinados elementos da empresa, así como as taxas, os canons e os dereitos de uso que cumpra pagar pola utilización de determinadas infraestruturas.	10 %
CA 1.10 Determináronse as obrigas fiscais relativas aos impostos que gravan os beneficios, en función da forma xurídica da empresa: IRPF e imposto de sociedades.	30 %
UD 14. Rendibilidade dos investimentos	5 %
CA 2.1 Empregáronse as aplicacións e as utilidades da información contable e os estados financeiros para unha xestión eficaz da empresa.	15 %
CA 2.2 Valoráronse as relacións de equilibrio necesarias entre os investimentos realizados e os recursos financeiros propios e alleos, diferenciando entre o financiamento básico e o do circulante, así como entre os curtos e os longos prazos.	15 %
CA 2.3 Aplicáronse os métodos máis habituais para a avaliación da rendibilidade de investimentos: taxa interna de rendibilidade (TIR), valor actual neto (VAN) e taxa de retorno.	5 %
CA 2.4 Calculouse o valor de adquisición, vida útil, valor actual, valor de reposición e valor residual dos elementos do inmovilizado.	5 %
CA 2.5 Calculáronse os fluxos de tesouraría (cash-flow) e o período medio de maduración.	15 %
CA 2.6 Calculouse o punto morto ou limiar de rendibilidade.	15 %
CA 2.7 Calculáronse as razóns e os indicadores financeiros principais para analizar os estados financeiros a través do balance e a conta de resultados, tanto a curto como a longo prazo.	20 %
CA 2.8 Utilizáronse follas de cálculo para a determinación das razóns financeiras e o cálculo da rendibilidade da empresa.	10 %

5.4 Peso dos CA na cualificación dos RA e peso dos RA na cualificación do módulo

Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación	%
UF 1. 62314 - INICIATIVA EMPRENDEDORA E FORMAS XURÍDICAS DA EMPRESA	16,00 %
RA 1. Compila información sobre iniciativas emprendedoras e oportunidades de creación de empresas, para o que valora o impacto sobre o ámbito de actuación, incorporando valores éticos.	9,60 %
CA 1.1 Avaliáronse os conceptos de cultura emprendedora e de innovación, e a súa importancia como fonte de creación de emprego e benestar social.	12,50 %
CA 1.2 Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración para ter éxito na actividade emprendedora.	12,50 %
CA 1.3 Descríbironse individualmente as funcións básicas da empresa e analizáronse todas en conxunto como un sistema integral.	8,33 %
CA 1.3 Descríbironse individualmente as funcións básicas da empresa e analizáronse todas en conxunto como un sistema integral.	8,33 %
CA 1.4 Identificáronse os principais compoñentes do contexto xeral (económico, social, demográfico e cultural) que rodea a empresa.	8,33 %
CA 1.4 Identificáronse os principais compoñentes do contexto xeral (económico, social, demográfico e cultural) que rodea a empresa.	8,33 %
CA 1.5 Avaliáronse os conceptos de cultura empresarial e imaxe corporativa, e a súa relación cos obxectivos empresariais.	12,50 %
CA 1.6 Recoñeceuse o fenómeno da responsabilidade social da empresa e a súa importancia como elemento de estratexia empresarial.	4,17 %
CA 1.7 Identificáronse prácticas que incorporan valores éticos sociais, e de economía sustentable.	16,67 %



Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación	%
CA 1.7 Identifícanse prácticas que incorporan valores éticos sociais, e de economía sustentable.	4,17 %
CA 1.8 Levouse a cabo un estudo de viabilidade económica e financeira dunha pequena ou mediana empresa.	4,17 %
RA 2. Establece a forma xurídica da empresa axustándose á normativa e ao seu contexto.	6,40 %
CA 2.1 Analízase o concepto de persoa empresaria e os requisitos esixidos para actuar como tal.	6,25 %
CA 2.2 Avaliáronse as formas xurídicas das empresas.	6,25 %
CA 2.3 Obtívose información sobre as posibles axudas e subvencións oficiais para a creación dunha empresa.	6,25 %
CA 2.4 Seleccionouse, a partir dun estudo comparativo, a forma xurídica máis axeitada, valorando os custos, a responsabilidade e as obrigas xurídicas.	6,25 %
CA 2.5 Determináronse os trámites xurídicos e administrativos que cumpra realizar para a constitución da empresa, a partir da información obtida nas administracións e nos organismos competentes.	6,25 %
CA 2.6 Calculáronse e/ou analizáronse os gastos de constitución e posta en marcha da empresa derivados de cada forma xurídica, consultando a lexislación.	6,25 %
CA 2.7 Determináronse os trámites administrativos, as autorizacións, as licenzas e a capacitación profesional, de ser o caso, que se requiren para a posta en marcha dunha empresa.	6,25 %
CA 2.8 Identifícanse as obrigas laborais e fiscais derivadas do exercicio da actividade económica da empresa.	6,25 %
CA 2.8 Identifícanse as obrigas laborais e fiscais derivadas do exercicio da actividade económica da empresa.	25,00 %
CA 2.9 Analizáronse as funcións de sindicatos, comités de empresa, representantes de persoal, inspección de traballo e outras institucións sociais que interveñen no sector correspondente.	18,75 %
CA 2.10 Analizáronse as situacións de insolvencia, quebra e suspensión de pagamentos, e o procedemento de concurso de acredores en casos de insolvencia, así como a responsabilidade do empresario.	6,25 %
UF 2. 62324 - FINANCIAMENTO	30,00 %
RA 1. Organiza os trámites para a obtención dos recursos necesarios para o financiamento dos investimentos e as subministracións, con avaliación das alternativas financeiras posibles.	18,00 %
CA 1.1 Identifícanse os organismos que informan sobre a obtención de axudas e subvencións públicas para a adquisición e a renovación de activos.	5,56 %
CA 1.2 Obtívose información sobre os instrumentos financeiros e de crédito máis habituais para o financiamento dos investimentos e demais operacións da empresa.	16,67 %
CA 1.2 Obtívose información sobre os instrumentos financeiros e de crédito máis habituais para o financiamento dos investimentos e demais operacións da empresa.	2,78 %
CA 1.2 Obtívose información sobre os instrumentos financeiros e de crédito máis habituais para o financiamento dos investimentos e demais operacións da empresa.	5,56 %
CA 1.2.1 Obtívose información sobre os instrumentos financeiros e de crédito máis habituais para o financiamento dos investimentos e demais operacións da empresa.	
CA 1.2.2 Obtívose información sobre os instrumentos financeiros e de crédito a curto prazo máis habituais para o financiamento dos investimentos e demais operacións da empresa.	
CA 1.2.2 Obtívose información sobre os instrumentos financeiros e de crédito a curto prazo máis habituais para o financiamento dos investimentos e demais operacións da empresa.	
CA 1.3 Analízase información sobre o procedemento, os requisitos, as garantías e a documentación que se esixen para obter un crédito ou un préstamo nunha entidade financeira.	8,33 %
CA 1.3 Analízase información sobre o procedemento, os requisitos, as garantías e a documentación que se esixen para obter un crédito ou un préstamo nunha entidade financeira.	8,33 %
CA 1.4 Calculáronse os custos e analizáronse os requisitos e as garantías esixidas nas operacións de leasing e renting, para a compra de elementos do inmovilizado, como vehículos e similares.	8,33 %
CA 1.5 Diferenciáronse os conceptos de xuro nominal, xuro efectivo e taxa anual equivalente (TAE), tanto en investimentos como en instrumentos financeiros (préstamos e créditos).	4,17 %
CA 1.5 Diferenciáronse os conceptos de xuro nominal, xuro efectivo e taxa anual equivalente (TAE), tanto en investimentos como en instrumentos financeiros (préstamos e créditos).	5,56 %
CA 1.6 Calculáronse os custos e as cotas de amortización dun préstamo mediante os sistemas de amortización máis utilizados.	4,17 %
CA 1.6 Calculáronse os custos e as cotas de amortización dun préstamo mediante os sistemas de amortización máis utilizados.	5,56 %
CA 1.7 Seleccionouse a alternativa financeira máis vantaxosa para a adquisición de diversos activos, como vehículos e maquinaria, en función de custos, riscos e garantías.	5,56 %
CA 1.8 Analízase o procedemento e as condicións para solicitar os avais, as fianzas e as garantías bancarias que se requiren para realizar determinadas operacións de transporte especial.	8,33 %
CA 1.9 Utilizáronse follas de cálculo para analizar, mediante as funcións oportunas, as operacións financeiras.	11,11 %
RA 2. Determina as formalidades para a compravenda e/ou o alugamento dos activos da empresa (vehículos e outros elementos), para o que analiza as necesidades de investimentos e subministracións, e os recursos financeiros necesarios.	12,00 %



Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación	%
CA 2.1 Determináronse as necesidades de activos da empresa (vehículos, instalacións, maquinaria, etc.) e as subministracións necesarias, en función dos custos e os riscos existentes, e as garantías ofrecidas.	16,67 %
CA 2.2 Analizáronse as diferenzas fundamentais entre a compravenda ou o alugamento dos elementos de inmovilizado necesarios para o exercicio da actividade (vehículos, maquinaria, etc.).	8,33 %
CA 2.3 Identificáronse as variables dun plan de investimento, diferenciando o financiamento propio e o alleo, e a recuperación dos investimentos a curto e a longo prazo.	16,67 %
CA 2.4 Determináronse as necesidades de subministracións e de servizos de mantemento e repostos, así como os custos que se derivan dos sistemas de aprovisionamento.	8,33 %
CA 2.5 Avaliáronse plans de investimento a partir dos custos e a previsión de ingresos.	16,67 %
CA 2.6 Analizáronse as vantaxes e os inconvenientes dos tipos de mercados de activos, así como os de primeira e segunda man, e de alugamento de vehículos.	8,33 %
CA 2.7 Contactouse en liña e fóra de liña con provedores e subministradores potenciais, e solicitóuselles a presentación de ofertas e orzamentos de acordo coas especificacións recibidas.	8,33 %
CA 2.8 Avaliáronse as alternativas para a adquisición e a renovación de elementos de inmovilizado como vehículos, maquinaria e instalacións, a partir da análise comparativa dos orzamentos de compra e as condicións de pagamento.	16,67 %
UF 3. 62334 - FACTURACIÓN	18,00 %
RA 1. Elabora facturas, recibos e documentos de cobramento e pagamento dos produtos e dos servizos prestados, aplicando as normas mercantís e fiscais de facturación.	18,00 %
CA 1.1 Interpretáronse as normas mercantís e fiscais, e os usos do comercio que regulan a facturación de produtos e/ou servizos, incluíndo a facturación electrónica.	5,00 %
CA 1.1 Interpretáronse as normas mercantís e fiscais, e os usos do comercio que regulan a facturación de produtos e/ou servizos, incluíndo a facturación electrónica.	5,56 %
CA 1.2 Identificáronse os impostos que gravan os servizos que presta a empresa, como o de transporte e os tipos de gravame aplicables en cada caso.	5,56 %
CA 1.2 Identificáronse os impostos que gravan os servizos que presta a empresa, como o de transporte e os tipos de gravame aplicables en cada caso.	7,50 %
CA 1.3 Interpretáronse os aspectos do imposto sobre o valor engadido (IVE) e as obrigas establecidas para a facturación de produtos e/ou servizos nacionais e internacionais.	5,56 %
CA 1.3 Interpretáronse os aspectos do imposto sobre o valor engadido (IVE) e as obrigas establecidas para a facturación de produtos e/ou servizos nacionais e internacionais.	5,00 %
CA 1.4 Realizouse a facturación da venda de produtos e/ou a prestación de servizos, utilizando as aplicacións informáticas adecuadas.	5,00 %
CA 1.4 Realizouse a facturación da venda de produtos e/ou a prestación de servizos, utilizando as aplicacións informáticas adecuadas.	11,11 %
CA 1.5 Analizáronse as características, os custos de xestión de cobramento e negociación, e os riscos de cada medio de pagamento ou cobramento.	10,00 %
CA 1.5 Analizáronse as características, os custos de xestión de cobramento e negociación, e os riscos de cada medio de pagamento ou cobramento.	13,33 %
CA 1.5.1 Analizáronse as características, os custos de xestión de cobramento e negociación, e os riscos de cada medio de pagamento ou cobramento.	
CA 1.5.1 Analizáronse as características, os custos de xestión de cobramento e negociación, e os riscos de cada medio de pagamento ou cobramento.	
CA 1.5.2 Elaboráronse documentos de pagamento e cobramento (cheque, transferencia bancaria, recibo normalizado, letra de cambio, tarxeta de crédito, obriga de pagamento, etc.)	
CA 1.5.2 Elaboráronse documentos de pagamento e cobramento (cheque, transferencia bancaria, recibo normalizado, letra de cambio, tarxeta de crédito, obriga de pagamento, etc.)	
CA 1.6 Xestionáronse os impagamentos da clientela cumprindo os requisitos e os prazos recollidos na normativa.	14,44 %
CA 1.7 Supervisáronse as condicións de pagamento e cobramento das operacións en divisas.	7,50 %
CA 1.7 Supervisáronse as condicións de pagamento e cobramento das operacións en divisas.	4,44 %
UF 4. 62344 - CONTABILIDADE E SOLVENCIA ECONÓMICA	36,00 %
RA 2. Determina a rendibilidade dos investimentos e a solvencia e eficiencia da empresa, analizando os datos económicos e a información contable dispoñibles.	8,20 %
CA 2.1 Empregáronse as aplicacións e as utilidades da información contable e os estados financeiros para unha xestión eficaz da empresa.	9,15 %
CA 2.2 Valoráronse as relacións de equilibrio necesarias entre os investimentos realizados e os recursos financeiros propios e alleos, diferenciando entre o financiamento básico e o do circulante, así como entre os curtos e os longos prazos.	9,15 %
CA 2.3 Aplicáronse os métodos máis habituais para a avaliación da rendibilidade de investimentos: taxa interna de rendibilidade (TIR), valor actual neto (VAN) e taxa de retorno.	3,05 %
CA 2.4 Calculouse o valor de adquisición, vida útil, valor actual, valor de reposición e valor residual dos elementos do inmovilizado.	3,05 %
CA 2.4 Calculouse o valor de adquisición, vida útil, valor actual, valor de reposición e valor residual dos elementos do inmovilizado.	19,51 %
CA 2.5 Calculáronse os fluxos de tesouraría (cash-flow) e o período medio de maduración.	9,15 %



Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación	%
CA 2.5 Calculáronse os fluxos de tesouraría (cash-flow) e o período medio de maduración.	19,51 %
CA 2.6 Calculouse o punto morto ou limiar de rendibilidade.	9,15 %
CA 2.7 Calculáronse as razóns e os indicadores financeiros principais para analizar os estados financeiros a través do balance e a conta de resultados, tanto a curto como a longo prazo.	12,20 %
CA 2.8 Utilizáronse follas de cálculo para a determinación das razóns financeiras e o cálculo da rendibilidade da empresa.	6,10 %
RA 1. Xestiona o proceso contable e fiscal da empresa, aplicando a normativa mercantil e fiscal, e os principios e as normas do Plan Xeral Contable (PXC).	27,80 %
CA 1.1 Identificáronse os conceptos básicos do PXC: elementos patrimoniais, masas patrimoniais e equilibrio patrimonial.	5,40 %
CA 1.2 Diferenciáronse as partidas do balance, analizando a súa relación funcional: activo (fixo e circulante), pasivo (fixo e circulante) e patrimonio neto.	5,40 %
CA 1.3 Diferenciáronse os conceptos de investimento, gasto e pagamento, ingreso e cobramento.	3,60 %
CA 1.4 Rexistráronse as operacións realizadas e calculouse o resultado, de acordo cos principios xerais e as normas de valoración do PXC.	7,19 %
CA 1.5 Determinouse a amortización dos elementos do inmovilizado, de acordo coa normativa fiscal e o PXC.	3,60 %
CA 1.6 Elaboráronse as contas anuais de acordo con do PXC para as pequenas e medianas empresas.	7,19 %
CA 1.7 Identificáronse as obrigas fiscais derivadas da aplicación e a xestión do IVE.	5,40 %
CA 1.7 Identificáronse as obrigas fiscais derivadas da aplicación e a xestión do IVE.	11,51 %
CA 1.8 Establecéronse as xestións que cumpra realizar para a liquidación dos impostos que afectan a xestión da empresa.	11,51 %
CA 1.8 Establecéronse as xestións que cumpra realizar para a liquidación dos impostos que afectan a xestión da empresa.	5,40 %
CA 1.9 Identificáronse os impostos sobre determinados elementos da empresa, así como as taxas, os canons e os dereitos de uso que cumpra pagar pola utilización de determinadas infraestruturas.	1,80 %
CA 1.9 Identificáronse os impostos sobre determinados elementos da empresa, así como as taxas, os canons e os dereitos de uso que cumpra pagar pola utilización de determinadas infraestruturas.	11,51 %
CA 1.10 Determináronse as obrigas fiscais relativas aos impostos que gravan os beneficios, en función da forma xurídica da empresa: IRPF e imposto de sociedades.	5,40 %
CA 1.11 Utilizouse unha aplicación informática de contabilidade.	3,60 %
CA 1.11 Utilizouse unha aplicación informática de contabilidade.	11,51 %

5.5 Observacións sobre os criterios de cualificación

- * O sistema de avaliación será continuo e presencial, o que require a asistencia regular e puntual do alumnado ás clases e actividades programadas.
- * Nas probas combinadas nas que se avalían conxuntamente varios criterios de avaliación as ponderacións fixaranse de acordo cos pesos establecidos en cada unha das unidades didácticas da programación.
- * Nas probas escritas con modelo de solución a cualificación axustarase ao solucionario proposto. Nestas probas só está permitido empregar o material indicado polo profesorado. En caso contrario, aplicaranse as medidas correctoras establecidas a tales efectos nas NOF do centro.
- * Nas probas de produción a cualificación axustarase á táboa de indicadores deseñada a tal efecto. Os ítems a valorar serán os seguintes (sendo posible a súa subdivisión noutros máis concretos, segundo o caso):
 - Entrega en prazo.
 - O contido axústase aos requerimentos (responden a todas as cuestións propostas de xeito ordenado cumprindo os mínimos esixibles).
 - Nivel de compromiso: amosa interese e autonomía no desenvolvemento do produto, tanto a nivel individual como no traballo en equipo.
 - Presentación (formato, ortografía, pulcritude, etc...).
 - Grao de innovación e orixinalidade.
- * O alumnado deberá acadar polo menos un 30 % da nota máxima establecida para cada un dos instrumentos de avaliación.
- * En cada sesión de avaliación, avaliarase o rendemento do alumnado o longo do período de que se trate, a través das distintas probas realizadas

e que terán os contidos especificados para os criterios de avaliación de cada unidade.

A nota final do módulo será a media ponderada en función dos pesos relativos de cada unha das unidades didácticas. No caso de que algunha unidade didáctica e/ou criterio de avaliación non sexa avaliado, o peso correspondente repartirase proporcionalmente entre as demais unidades didácticas.

Para superar o módulo é necesario acadar unha nota igual ou superior a 5.

O alumnado que non acade os mínimos esixibles realizará as actividades de recuperación seguindo o procedemento establecido no punto 6 desta programación.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

- RECUPERACIÓNS PARCIAIS AO LONGO DO CURSO

Unha vez rematada cada unha das dúas avaliacións parciais, os alumnos e alumnas que non superaran o módulo realizarán actividades de recuperación. Estas actividades planificaranse en función das partes non superadas. Así pois, ao comezo da segunda avaliación e antes de que se incorporen á formación na empresa concretaranse de xeito individual con cada un dos alumnos e alumnas nesta situación as partes a recuperar. No caso de ser a parte correspondente á proba escrita a non superada, o alumno deberá repetir a proba relativa aos resultados de aprendizaxe non superados. Se a parte non superada é a correspondente ás probas de produción, establecerase un prazo de entrega das tarefas non entregadas. Aquelas que foran realizadas en grupo no seu momento deberán ser realizadas de xeito individual. No caso de estar ambas as dúas partes por debaixo do mínimo establecido, será preciso realizar a recuperación de todo. Unha vez superada a recuperación, procederase ao recálculo da cualificación.

- RECUPERACIÓN EXTRAORDINARIA DE FIN DE CURSO

Para aqueles alumnos que non superaran o módulo a través das avaliacións parciais, terán dereito á proba extraordinaria de setembro, sendo tamén preciso que se presenten, con data límite o día da recuperación, as entregas pendentes. Para aqueles traballos de elaboración en equipo admitirase unha versión individualizada. No referente á proba escrita, este consistirá na realización de cuestións teóricas, ou de aplicación teórico-práctica, referidas aos mínimos esixibles previstos nos criterios de avaliación, debendo cada alumno ou alumna realizar as que correspondan coas partes non superadas. Entenderase superada cada parte cando se acade, de acordo cos criterios de cualificación establecidos.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado con faltas de asistencia que superen o 10% das horas do módulo, é dicir, 19 horas, perderá o dereito á avaliación continua. Estes alumnos poderán asistir a clase, pero non serán avaliados de forma parcial, debendo realizar a proba extraordinaria de setembro. Dita proba versará sobre os contidos estudados ao longo do curso. Formularanse cuestións teóricas, ou de aplicación teórico-práctica, referidas aos mínimos esixibles previstos nos criterios de avaliación, casos prácticos e problemas. Para a superación do módulo será necesario obter unha cualificación igual ou superior a 5. Tamén poderán ser esixidas as probas de produción realizadas ao longo do curso que se estimen convenientes.

Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou alumna na xustificación desas faltas, en concordancia co establecido na normativa do Departamento. A este respecto, e para informar ao alumnado, o centro enviará un apercibimento cando as faltas de asistencia no módulo superen o 6%. Nel indicarse que perderá o dereito á



avaliación continua no módulo se acumula un 10% de non asistencias con respecto á súa duración total. Cando as faltas de asistencia acaden a citada porcentaxe, comunicárase a perda do dereito á avaliación continua.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN

A orde de avaliación no seu artigo 23.5 sinala que cada departamento de familia profesional realizará cunha frecuencia mínima mensual o seguimento das programacións de cada módulo, indicando o grao de cumprimento e xustificación razoada no caso de desviacións. ¿ Ademais, a programación será revisada ao inicio de cada curso e entregárase unha memoria final de curso no que consten os aspectos máis salientables referidos ao desenvolvemento da programación.

O procedemento para o seu seguimento realizarase tendo en conta diversos horizontes temporais:

- Ao finalizar cada Unidade Didáctica: seguimento da programación de aula para corrixir posibles desaxustes e telos en conta no futuro, e tamén na aplicación informática da Consellería, no apartado dedicado a ¿seguimento da programación .
- Mensualmente: na reunión de departamento, realizarase unha posta en conxunto daqueles aspectos da programación suxeitos a posibles desaxustes ou melloras futuras.
- A final de curso: reflectirase na Memoria final do módulo todo o relativo a desaxustes, valoración do seguimento e calquera outro punto de relevancia para ter en conta, adxuntado se fosen relevantes os resultados obtidos mediante a táboa de valoración do seguimento da programación.

No caso de que se produzan desfases ou desaxustes, prevense actuacións como as seguintes:

- redistribución das cargas conceptuais: os retrasos no desenvolvemento dos contidos implicarán reaxustes, como a entrega de fotocopias coa síntese dos mesmos, realización de resumos e esquemas, ou explicación da teoría mediante casos de aplicación práctica.
- adecuación das actividades para fomentar a participación individual no caso de que se perciba falta de implicación, por exemplo, facendo referencia a casos actuais, preguntando por experiencias propias, etc.
- naqueles casos nos que a metodoloxía non se adecúe ás necesidades educativas, promoveranse outras que se axusten, como por exemplo no caso de que a explicación maxistral non sexa suficientemente aclaratoria, facilitaranse recursos complementarios (en papel ou dixitais, a través da plataforma Edmodo, mediante a metodoloxía de ¿flipped-classroom¿).
- ante unha avaliación na que os resultados obtidos non sexan os agardados, revisaranse os criterios e instrumentos utilizados, tratando de que as novas alternativas se axusten mellor aos obxectivos.

AVALIACIÓN DA PROPIA PRÁCTICA DOCENTE

A avaliación é un elemento esencial do proceso de ensinanza-aprendizaxe e por iso debe aplicarse tanto á aprendizaxe dos alumnos e alumnas como á propia práctica docente. Esta avaliación permitirá corrixir procedementos docentes que non contribúan aos obxectivos contemplados na programación, así como plantear novas experiencias de aprendizaxe.

Os dous obxectivos principais desta avaliación e autoavaliación docente son os de atopar novos métodos que desenvolvan as habilidades e destrezas profesionais e facilitar a planificación do desenvolvemento individual e colectivo dos docentes. Deste xeito, unha reflexión da propia práctica docente constitúe o mellor xeito de formación permanente para o profesorado, sempre e cando se realice con rigor e empregando os instrumentos axeitados.

- Horizonte temporal da avaliación da práctica docente: realizarase ao finalizar cada un dos trimestres, e a fin de curso, incorporando os datos obtidos á Memoria do módulo.
- Procedemento de avaliación: facilitáanse dous cuestionarios, un para a docente no que se recollen diferentes indicadores sobre aspectos da práctica docente, e un segundo cuestionario dirixido ao alumnado , coa finalidade de que eles mesmos avalíen a práctica docente, no que se

avalían contidos, metodoloxía, tarefas realizadas, e grao de satisfacción co módulo e co ciclo en xeral. Os alumnos e alumnas entregarán o cuestionario de xeito anónimo, para que non vexan condicionadas as súas respostas.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo das actividades do curso académico, realizarase unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades, e deberá servir para orientar e situar ao alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

No relativo ao módulo de XEFE, realizarase nas primeiras semanas do curso unha proba de avaliación inicial que permita ofrecer unha visión dos coñecementos previos do alumnado, tanto no relativo a contidos propios do módulo, como á súa capacidade de comprensión, reflexión, análise e expresión. Os datos anteriores permitirán adoptar medidas de adaptación metodolóxica e de atención ás diferenzas.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O Decreto 229/2011, que regula a atención á diversidade, define no artigo 3 a diversidade como "o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado". No referente á FP, o artigo 61 do Decreto 114/2010, que establece a ordenación da formación profesional, establece que "o alumnado con necesidades educativas especiais poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral". Realizada a proba de avaliación inicial e coa observación directa das primeiras semanas de clase, levaranse a cabo as accións necesarias para aplicar as medidas de atención educativa aos alumnos que a precisen. Os alumnos que requiran determinados apoios e atencións educativas por padecer discapacidades físicas, psíquicas, sensoriais ou por manifestar graves trastornos de personalidade ou conduta terán unha atención especializada coa finalidade de conseguir a súa integración. Nestes casos será fundamental a colaboración e o apoio do Departamento de Orientación. Con respecto ao alumnado que necesite apoio educativo, como é o caso do alumno que non supere algunha avaliación, facilitaráselle actividades de reforzo de distinto grao de dificultade, seguimento individualizado, e outras medidas que sexan precisas, usando ademais como complemento a plataforma educativa Edmodo, na que se poden engadir vídeos, novas, e outras tarefas de reforzo. Co propósito de dar unha resposta educativa aos alumnos con altas capacidades intelectuais, estableceranse actividades de ampliación curricular, como lecturas recomendadas sobre a materia.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

É importante sinalar que ao longo do módulo se traballará coa educación en valores, non só a través do traballo con actitudes recollidas no currículo do módulo, senón a través de distintos contidos inherentes ao propio traballo durante o curso. Para este módulo podemos destacar:

- Educación para a igualdade: en ningún momento se fará diferenza entre o noso alumnado por causa do seu sexo, raza, crenzas ou calquera outra característica de diferenciación entre as persoas.
- Educación ambiental: respecto ao medio ambiente e fomento do correcto emprego dos medios de que se dispón.
- Educación para a saúde: é importante adquirir bos hábitos posturais no traballo, así como uns adecuados hábitos de saúde e limpeza ou unha adecuada hixiene ocular ou visual.
- Educación para a convivencia: resolución de conflitos fomentando o diálogo baseado no respecto, procurando atopar solucións de consenso de xeito democrático.
- Educación do consumidor: fomentando entre os alumnos un consumo responsable, tanto dos seus propios materiais como os do centro e

o ciclo.

- Interculturalidade: traballando dende o principio o respecto ás distintas culturas e xeitos de entender o mundo; entendendo isto como un enriquecemento.

Ademais de todo o anteriormente mencionado, e como instrumento para a formación para o futuro profesional do alumnado, darase especial importancia aos seguintes aspectos:

- Asistencia e puntualidade.
- Comportamento e respecto durante o desenvolvemento das clases
- Participación activa na aula.
- Orde e pulcritude nos traballos realizados.
- Predisposición para o traballo en equipo.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As programadas polo Departamento e incluídas no Plan Xeral Anual do Centro.

10. Outros apartados

10.1) Bibliografía

Empregaranse recursos complementarios dos módulos de Administración e Finanzas:
Proceso Integral da Actividade Comercial: Textos recomendados PIAC Editorial MacMillan e Editorial Paraninfo
Simulación Empresarial: Editorial McGraw-Hill e Editorial Paraninfo

10.2) Temporalización

A temporalización prevista das unidades didácticas por avaliacións é a seguinte:

- 1ª avaliación: UD1, UD2, UD3 e UD4.
- 2ª avaliación: UD5, UD6, e UD7.
- 3ª avaliación: UD8, UD9 e UD10.